



MEMORIA CURSO ESCOLAR 2025-2026

ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL MONTE ALTO
A CORUÑA

INDICE

I. SITUACIÓN AO REMATE DO CURSO

a. EQUIPO EDUCATIVO

b. EQUIPO DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS.

c. ALUMNADO (alumnos matriculados distribuído por idades). A súa evolución ao longo do curso.

II. OBXECTIVOS DO CURSO.

III. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

IV. ACTIVIDADES TRIMESTRAIS FÓRA DO HORARIO ESCOLAR PARA FAMILIAS.

a. Actividades trimestrais ofertadas con carácter gratuíto fora do horario escolar

b. Actividades do programa APEGO, organizadas por Normalización.

c. Actividades en horario escolar fóra da escola. (visitas grupo 2-3 anos)

d. Outras actividades

e. Educación en valores. Celebracións na escola.

Memoria do proxecto Voz Natura O SONS DA NATUREZA

[MEMORIA VOZ NATURA O SON DA NATUREZA 2025-2026 • A Escoliña](#)

V. FORMACIÓN DO EQUIPO

VI. EQUIPAMENTOS: INVERSIÓN E MELLORAS

VII ÓRGANOS DE PARTICIPACIÓN E COLABORACIÓN

· Consello Escolar.

· ANPA

· Traballos e proxectos en común ca Rede de Escolas Infantis Municipais

.

VIII OUTROS

· Horario ofertado e realizado ao longo do curso

· Evaluación do sistema de comunicación cas familias

· Queixas

IXCONCLUSIÓN

Valoración xeral funcionamento da escola.

Valoración xeral participación das familias.

Valoración dos equipamentos.



Equipo da escola ao principio de setembro 2025



Equipo da escola ao rematar o mes de xuño

Felix Arias por música a través da anpa Titongo

Sara Calderón, mestra de inglés

Isabel Segura responsable da preparación da alimentación da escola.

I-SITUACIÓN AO REMATE DO CURSO Xullo 2026.

De novo un curso escolar en instalacións compartidas e xerando unha experiencia que implica esforzo e traballo de equipo para superarnos a nós mesmas.

Uns meses onde todos fomos testemuñas das inquietudes e demandas laborais, un curso no que se pechou a escola por un día polo forte vento e as súas consecuencias sobre as instalacións.

Un tempo de temperaturas extremas que se ten que regular con medios, non sempre capaces de ofrecernos benestar.

Unha incerteza sobre a nova escola e con todo un traballo escolar e un compromiso que non transcende do noso círculo máis próximo.

Unha compañeira, Andrea, que se xubila despois de 23 anos e un baleiro que se ten que cubrir canto antes de forma efectiva e profesional.

Isabel chegou con toda a súa experiencia para permitir ver este tema sobre a cociña dunha forma serena.

Un ano, no que non deixamos de adquirir aquilo que nos encantaba ter, para que os peques e nós tamén gozáramos. Ilusións para seguir debuxando un percorrido educativo divertido e comprometido cos nenos e nenas da nosa escola.

Case chegando os últimos días deste percorrido, e baixo o paraugas da incerteza, embarcámonos en Eclipsando. Un proxecto para ofrecer as nosas posibilidades educativas sobre un acontecemento tan transcendental, como a eclipse.

O firmamento embarcounos no mundo das emocións, e ter a sorte de atopar no noso día a día a persoas colaboradoras que nos enriqueceron e permitindo dotar aos proxectos doutros enfoques: a lingua de signos e o loga.

Seguimos cos eixos principais da nosa filosofía educativa cos proxectos xa consolidados:

Maletas Viaxeiras para a igualdade, Paseniño paseniño, Ou son da natureza, Trapiño, Cantigas, Paz e Dereitos da infancia.

Mantivémonos presentes en todos os espazos singulares da cidade, nos que aprender xogando e facéndonos parte dos seus recursos e instalacións. Museos de Ciencia e de Arte sempre abertos a recibirnos.

Un curso de novo no que mostramos o noso compromiso por facer da escola: familia e amizade, coidado e afecto, motivación e xogo o eixo diario da nosa tarefa educativa.

A-Equipo educativo

Nome e apelidos Categoría Situación laboral

Carmen Méndez Méndez	Educadora	Contrato fixo a tempo completo.
Juana María Toucedo Castro	Educadora	Contrato fixo a tempo completo.
María Jesús Rodríguez García	Educadora	Contrato fixo a tempo completo.
Iria Lestón Olveira	Educadora	Contrato fixo a tempo completo.
Sara Pena	Educadora	Contrato fixo a tempo parcial
Montserrat Sancho Castro	Pedagoga/educadora Dirección	Autónoma

B-Persoal de administración e servizos

Isabel Segura	Servizos xerais		Contrato fixo a tempo completo.
Paula Martínez Rúa	Servizos xerais Administración		Contrato fixo a tempo completo.
Andrea Sandá Sandá Xubilación 21 de xullo.	Servizos xerais		Contrato fixo a tempo completo

C- Alumnado

Grupo 1-2 anos: 13 nenos/as matriculados/as dende setembro a xullo. Total 13 prazas cubertas.

Grupo 2-3 anos: comezamos con 14 nenos/as, un deles con necesidades educativas especiais, con dobre praza. Total 15 prazas

II- Obxectivos do curso

- **Garantir a diario un ambiente cordial e amable onde os nenos e nenas convivan cómodos/as, confiados/as e seguros/as. Favorecer que o ambiente escolar sexa saudable e comfortable para as actividades diarias.**

Pola comodidade e benestar dos nenos e nenas e moi especialmente para o persoal:

-Cambio de lugar para o xantar dos grupos da escola, 1-2 anos a partir de xaneiro de forma gradual, ata chegar a abril con todo o grupo en comedor da sala de usos múltiples, 2-3 anos dende setembro. Razóns de comodidade, adecuación e hixiene.

-Incorporación dun ventilador na aula 2-3 anos.

- **Acompañar aos nenos e nenas observando os seus avances e peculiaridades ca fin de favorecer o desenvolvemento integral desde os primeiros anos, informando as familias dos progresos ou dificultades que poidan ir xurdindo.**

Mediante charlas familiares organizados por persoal da escola (reunións de aula) así como de charlas orientativas ca psicóloga Raquel Lavandería, sobre comportamento e linguaxe.

A través de titorías cas familias que consideran importante coñecer as nosas impresións sobre o comportamento de seu/súa fillo/a.

Promover un estilo de convivencia harmoniosa e unha forma de resolución de conflitos entre grandes e pequenos, entre educadores e familias, onde as decisións sexan respectuosas con todos e todas.

Realización de titorías solicitadas polas familias como pola escola para resolver e informar sobre a convivencia do seu fillo/a na aula. Orientación e seguimento.

Información ás familias sobre temas relacionados cas normas dentro da escola en espazos como a entrada e espazos exteriores da escola.

Promoción dos valores de Paz e convivencia respectuosa dende a infancia, a través de celebracións, música e propostas didácticas.

Deseño do proxecto O firmamento das Emocións, onde están relacionadas: astronomía e emocións.

Proxecto Eclipsando.

- **Promover un estilo de convivencia harmoniosa e unha forma de resolución de conflitos entre grandes e pequenos, entre educadores e familias, onde as decisións sexan respectuosas con todos e todas.**

Realización de titorías solicitadas polas familias como pola escola para resolver e informar sobre a convivencia do seu fillo/a na aula. Orientación e seguimento.

Información ás familias sobre temas relacionados cas normas dentro da escola en espazos como a entrada e espazos exteriores da escola.

Promoción dos valores de Paz, Igualdade e Convivencia respectuosa dende a infancia, a través de celebracións, música e propostas didácticas.

- **Reflexionar ao longo do curso sobre a educación para a igualdade e a prevención da violencia de xénero, realizando propostas dirixidas ás familias elaborando recursos didácticos e valorando periodicamente a linguaxe xestual e oral utilizada.**

Desenvolvemento do proxecto Maletas Viaxeiras pola igualdade cas familias do grupo 2-3 anos.

Día da Infancia.

Día da Muller.

Compra de contos sobre a igualdade para ampliar a bibliografía nesta temática.

Actividades específicas sobre a igualdade e a coeducación.

Experiencia, Contigo aprendín, achegamento do traballo de membros da familia á escola.

- **Dar a coñecer ás familias as nosas liñas de actuación, ampliar os medios de intercambios e comunicación cas familias. Web da escola con información xeral da organización escolar e publicación de actividades, festas e acontecementos da escola.**

Celebración de reunións de aula ao comezo do curso escolar contando ca participación de membros da anpa.

Información por correo electrónico ao longo do curso de actividades, proxectos, saídas, convocatorias, celebracións, etc..

Información por carteleira de celebracións, convocatorias de prazos, calendarios de saídas. Web da escola actualizada semanalmente. Apartado familias con experiencias de aula.

Información escrita ao longo do curso sobre actividades específicas: visitas escolares, textos de cantigas.

Invitacións a participar con creacións propias, respectuosas co medio ambiente; para a árbore de Nadal do Acuario (2º edición) , para a festa de entroido (camisetas de paxariño-trapiño), para a visita a Casa do Home (realización de neuronas e traballo sobre os rasgos persoais), audios para o audio-conto viaxeiro.

- **Responder ás necesidades das familias, adaptando e aconsellando os nosos servizos para favorecer a conciliación da vida familiar, laboral e persoa.**

Respostas diarias a cambios e adaptacións de ampliación de horarios e servizos de acordo cas necesidades e circunstancias familiares informadas á escola.

Adaptación de menús dependendo da situación persoal do menor (dietas, alerxias..)

- **Potenciar a participación de cada un dos membros do equipo nas actividades e decisións de escola; facendo real o sentimento de grupo e colaboración.**

Reunión de equipo, encontros individuais, información compartida impresa ou por correo electrónico dos temas que son comúns ao traballo escolar.

III -Atención á diversidade.

Na escola hai alumnado con necesidades educativas especiais. Coordinación ca familia favorecendo o apoio co centro de atención de educación temperá ao que asiste.

Titorías ca familia a demanda, adaptación do horario escolar, participación en comedor dende o mes de xuño de forma permanente.

IV- Actividades

Actividades trimestrais fora do horario escolar para familias.

1º trimestre

Reunións de aula



AULA 1-2 ANOS. martes 14 de outubro ás 17h.

AULA 2-3 ANOS. xoves 16 de outubro ás 17h.

Neste encontro a directiva da ANPA Titongo conta cun tempo para informar e atender dúbidas.

Organización:

- Tempo de duración aproximado 90 minutos.
- Dirixida a nais e pais de cada grupo de aula.
- Pedimos a non presenza e asistencia de menores.
- Achegamos información previa dos temas e puntos a tratar.

Reunións con familias.Primeiro trimestre do curso • A Escoliña

Festa de outono-familiar Cada día da próxima semana adicado a destacar dende a natureza desta estación, á música e cancións, o encontro festivo familiar e tamén o encontro polas rúas do barrio.

<https://escolinamontealto.com/festas-de-outono-do-27-ao-31-de-outubro-de-2025/>



Festa de Nadal

Festa de Nadal, 12 de decembro ás 17h. Paseño de luces ata o patio cuberto, onde tomaremos o chocolate con churros. • A Escoliña



Invitación para decorar e inaugurar a árbore de nadal do acuario.


<https://escolinamontealto.com/nadal-nadal-na-terra-e-no-mar/>



2ºtrimestre

Festa familiar de entroido 12 de febreiro

<https://escolinamontealto.com/paxarino-trapino-entroido-2026/>



PASEO ANCAS- educación vial con ONG STOP ACCIDENTES.

Taller vial- grupo ANCAS pola tarde polo barrio de Monte Alto con familias.



Charla con Raquel Lavandeira de APAE



3º trimestre

Obradoiro ambiental con familias, 26 de abril ROMARÍA DOS PAXAROS

<https://escolinamontealto.com/co-grupo-naturalista-habitat-obradoiro-sobre-aves-da-contorna/>



Participación en Ciencia na Rúa co proxecto O firmamento das emocións, 9 de maio

[Un regreso moi esperado, de novo en Ciencia na rúa • A Escoliña](#)



Foliada miudiña 10 de xuño- organización conxunta cas anpas Titongo e anpa do ceip Victor López Seoane.



Día do xogo: organizado polo concello 14 de xuño.

<https://escolinamontealto.com/o-dia-do-xogo-dia-do-deporte-na-rua/>



Mil grazas Andrea: acto de agradecemento do equipo e familias da escola á compañeira Andrea.

<https://escolinamontealto.com/mil-grazas-andrea/>



Festa de verán, 2 de xullo.



Invitación ás familias 11 de xuño MUNCYT, ÁS 15,30H.

Actividades do programa APEGO, organizadas por Normalización Lingüística do Concello

[Calendario do Programa APEGO na escola. Mes de novembro • A Escoliña](#)

12 e 20 de novembro

15 de maio

O Son que me Arrola é unha proposta musical que ofrece a posibilidade de achegar aos máis pequenos a cultura tradicional galega, da man dos cantos de berce, rimas e a instrumentación. O Son que me Arrola ofrece tamén a posibilidade dun espazo lúdico onde a

familia pode experimentar e manipular os diferentes instrumentos de percusión e outros realizados con materiais de refugallo.

Actividades en horario escolar fóra da escola (visitas) grupo 2-3 anos.

Empresa de transportes Autos Vázquez.

- Museos Científicos Domus- desprazamento en autobús para a inauguración da sala Mini-Domus, e andando na visita escolar ás salas do museo. 10 de marzo
- Museos Científicos Aquarium- transporte financiado pola escola 9 de xuño
- Museos Científicos Casa das ciencias- transporte financiado pola escola. 3 febreiro
- Museo Belas Artes- transporte financiado polo Concello. 12 de xuño.
- Porto- Lonxa- transporte financiado polo Concello. 28 de maio
- Ruta urbana, Parque de Sta. Margarita. Actividade financiada pola escola e a Federación de Anpas. 13 abril
- Policía Local. Os parruliños coñecemos as rúas- desprazamento andando. 28 de abril.

Outras actividades:

Dúas sesións de loga e movemento con Kristina Agne, grupo 2-3.

3º trimestre



Actividade dentro do horario escolar ca presenza da familia: proposta CONTIGO APRENDÍN



Xoves 14
Comparte un
tempo da mañá
CHENCHU
PAI DE MARA.

Venres 29
Contamos con
JANA, NAI DE
ALICIA.
Pola mañá



Biblioteca verde. O préstamo semanal



A biblioteca verde estivo a disposición das familias todos os xoves dende xaneiro a xuño. Ao longo deste tempo, 77 publicacións formaron parte da Biblioteca Verde, e realizáronse un total de 426 préstamos.

Os contos con maior demanda foron: (máis de 12 préstamos)

- "Un máis"
- "Bajo el Mar"
- "Elefante comellón"
- "Pete the cat"
- "Viva las unas de colores"
- "Monstruo rosa"
- "La ovejita que vino a cenar"
- "Caracol e Formiga"
- "Navega caracol"
- "Y la luna sonrió"

Paseíños (polo espazo exterior da escola ao longo de todo o curso escolar)



Instalacións e xogos artísticos



Educación en valores. Celebracións na escola

Día da Infancia. Dereitos da infancia



25 N. Cantos e contos para a non violencia.





Fin de Ano. Celebración de sons, música e natureza.



Día da Muller. As nosas referentes.



Apostamos por nomear as Mulleres que son referentes para nós en cada unha das actividades que facemos, e moitas delas son as que a través das visitas aos Museos Científicos vamos coñecendo, outras chegan das Artes, das profesións do mar, como as mariscadoras.

O NOSO CARTEL- PARA ENCHER DE MULLERES

Pero tamén queremos poñernos en valor as MULLERES DO DÍA aínda que non é solo por un día.. Propoñemos un CARTEL PARA NÓS.. as mulleres que cada día son para cada unha de nós referentes, importantes, valiosas, fundamentais, de calquera idade,.. de lonxe ou preto, da familia ou do mundo.. esas nas que pensamos e nós axudan a medrar e seguir cada día adiante con forza e orgullo por facer e ser mulleres.

Que tedes que facer? Traer unha foto da muller ou mulleres que son as túas apostas, mulleres do día, para colocar no Cartel que o venres estará na entrada e que durante unhas semanas estará exposto para ver.

Estamos aquí, porque somos así, AS MULLERES DE TODOS OS DÍAS.

23 F Día de Rosalía.



Rosalía preséntasenos a través da preciosa canción creada por Uxia, "Rosalía pequeniña", como unha pirata, unha fada, unha nena aventureira... e ademais Rosalía é o nome dunha estrela. Ademais, un barco pirata acaba de chegar á escola, un pirata vive no barco e invítanos a mirar o ceo e facer unha viaxe divertida.

Unha estrela que logo colocamos na fronte, para lembrar o poema que Curros lle dedicou e que tan bonito soa..."Hai das que levan na fronte unha estrela, hai das que levan non bico un cantar". Entre cancións fermosas, contos preciosos que nos contan o valor da casa, como espazo propio de calor e seguridade, da receita do "caldo de gloria" que tanto ben sempre fai...pasou a mañá.

Letras Galegas Begoña Caamaño 2026.

Unha canción propia de Félix Arias para este ano. Conxuntamente cas actividades de aula para coñecer a Begoña como escritora e xornalista de radio.

https://youtube.com/watch?v=JzdlOUP4y_s&feature=shared

Sobre a Paz



PINTAMOS PARAUGAS PARA TER UN PERCORRIDO CON ELES
A OLIVEIRA QUE SECOU PODE SEGUIR PRESENTE.. NON A DAMOS POR PERDIDA
MENSAXES DE PAZ,
AS LETRAS DA PAZ.



PROXECTOS DE ESCOLA PERMANENTES



V-Formación do equipo

Cursos on-line

Curso teórico práctico para a protección integral forme ao acoso no traballo (15h) Administración.

El juego como fuente de desarrollo integral en la infancia. Dous membros do equipo.

Ambientes de aprendizaje. Dous membros do equipo.

El huerto escolar, un primer paso para el desarrollo sostenible. 1 Miembro del equipo.

Los objetivos del desarrollo sostenible. ODS en infantil y primaria. 1 Miembro del equipo.

Formación presencial.

Formación APAE. Todo el equipo educativo.

VI-Equipamiento: inversión e melloras

Cubo de experiencias madeira.

Xogo do sistema solar.

Paneis do chan para xogos do firmamento

Compra de libros sobre Begoña Caamaño para Letras Galegas, e contos para a Biblioteca Verde.

VII-Órganos de participación e colaboración

Consello escolar

1º consello escolar do curso, 16 de decembro de 2025.

2º consello escolar do curso, 2 de xullo de 2026.

Anpa

Relación permanente ca directiva da anpa, para a preparación de reunións de aula, nas que participan informando ás familias sobre a proposta de actividades e servizos da anpa, para a participación en actividades e festas.

Reunión comezo de curso

Reunión Foliada Miudiña

Actividades propostas fóra do horario escolar



VIII-Traballos en común ca rede de escolas

EIM LUIS SEOANE compartindo instalacións, recursos, espazos.

Actividades festas e celebracións: festa de outono e Foliada Miudiña. Celebración das campás.



Outros:

Horario

Distribución de horarios de entrada e saída aproximadamente, tendo en conta a flexibilidade que ofrecemos e atención á conciliación familiar.

A demanda de cambios non foi importante, afectou ao servizo de comedor.

Horario de 7h: sin entradas.

- No horario de primeira hora, e de 8h a 9h: 7 nenos/as (2 servizos de almorzo primeira hora)
 - No horario de entrada de 9h: 20 nenos/as
 - As saídas de 12,45h: de 5 a 3nenos/as (variable)
- 14 almorzos de media mañá
22 nenos/as xantar na escola- momento de descanso
-
- A saída de 14:45h: variable de 5 a 6 nenos/as
 - A saída de 15:45: variable sobre 12 nenos/as
 - A saída de 16:45 a 17h. De 5 a 6 nenos/as habitualmente. (servizo de merenda)

Evaluación do sistema de comunicación cas familias

Dirección da escola e familias utilizamos o correo electrónico para informar sobre temas relacionados ca asistencia, entradas ou saídas, cambios de servizos, solicitude de tutorías.

Utilizamos o correo para convocatoria de actividades, festas, propostas de saídas, encontros, reunións. Para enviar as valoracións ou calquera informe,

certificado solicitado. A través do correo electrónico consolidamos unha forma de comunicación válida para garantir que a información queda rexistrada.

A libreta da escola, é a ferramenta para concretar polas educadoras os temas puntuais de hixiene, alimentación, descanso, incidencias ou pequenos accidentes, avisos sobre roupa, calzado etc..

As familias comunican aspectos a ter en conta sobre descanso, vivencias, preguntas etc...

Carteis na porta. Información na web da escola.

Queixas: non recibimos ningunha queixa oficial.

IX-CONCLUSIÓNS

Sobre a liña metodolóxica

Globalización

Utilízanse actividades globalizadas que traballen o contido relacionado coa idade correspondente e que establece relacións entre a aprendizaxe presente e a nova.

Aprendizaxe significativa

Facendo que o que aprenden teña relación coa súa contorna e a actividade diaria, permitindo a experimentación na aprendizaxe e establecendo relación entre as experiencias novas e anteriores.

O xogo como recurso didáctico

Empregado como medio para a aprendizaxe e a experiencia do alumnado, xa que o movemento e a motivación favorece a construción do coñecemento

Cooperación coas familias

Establecendo boa comunicación e relacións que permitan ofrecer un ensino de calidade na que tamén estean presentes os familiares.

Boa organización do ambiente

Tendo en conta os materiais, espazos, tempos e recursos que se utilizan sendo adecuados para a idade á que se dirixen así como crear un clima de seguridade, afecto e confianza na aula que favoreza o desenvolvemento do alumnado.

Todos estes aspectos inflúen no ensino dos nenos/as e no seu desenvolvemento, o cal vai estar presente ao longo da súa vida e debe ser o adecuado para desenvolverse na sociedade, polo que se observa a importancia da metodoloxía que se utilice no ámbito educativo para conseguir a maior aprendizaxe.

Sobre este tema facemos unha valoración positiva na que a través do traballo persoal de cada membro do equipo como do traballo grupal mantivemos as liñas xerais

Valoración xeral funcionamento da escola

Bo funcionamento e coordinación entre os membros do persoal.

Adaptación de todo o equipo ás circunstancias especiais de saúde das persoas do equipo.

Boa resposta ás adaptacións do novo alumnado ao longo do curso.

Disposición de recursos materiais, xogos educativos, xogos de exploración etc adaptados ao longo do ano a cada momento estacional, celebración, proxecto etc..

Búsqueda, compra e creación de recursos didácticos permanente.

Organización e cambios permanentes dos espazos para lograr un ambiente de aprendizaxe axeitado ao grupo.

Adaptación e intervención educativa, cos cativos e cativas que precisan unha atención puntual por razóns de saúde, familiares etc..

Equilibrio entre aprendizaxes globais e logro de habilidades vinculadas a hixiene e saúde.

Logro dun ambiente plurilingüe entre as dúas linguas oficiais e a lingua inglesa.

Flexibilidade organizativa en favor do benestar dos nenos e das nenas.

Participación do equipo educativo na formación permanente durante o curso.

Aproximación da escola ca súa contorna. Implicación do barrio de Monte Alto na actividade da escola e da anpa a través da Foliada.

Actividade anual de implicación cas cantigas populares e a música galega.

Colaboracións externas de profesionais relacionados con actividades da escola.

Fitas de vento, proxecto de escolas africanas e galegas. Mercadiño das nubes e colaboración ca achega de materiais ás escoliñas de Mozambique.

- Sonia Valiño, misionera e Colaboracións externas de profesionais relacionados con actividades da escola.



<https://escolinamontealto.com/bo-dia-dende-a-escolina-de-degue-mozambique/>

- Lingua de Signos, Angela Barreiro. Mestra interprete no Cifp Ánxel Casal. Proxecto O firmamento das emocións.
- Susana Vázquez, profesora na UDC, facultade de educación, para o proposta ECLIPSANDO.
- Movemento físico e coordinación, loga- ex mamá e monitora de ximnasio de Monte Alto. Salud e movemento. Krisztina Agnes. Actividades do proxecto O firmamento das emocións.
- Ilustración, mestra e ilustradora, Sara Iglesias. Conto viaxeiro.
- Gloria Mosquera Roel, mestra e artista, creadora da canción O Caracol Terri, para a escoliña.

Colaboración e apoio de entidades:

- Fundación Santiago Rey Fernández Latorre, certame VOZ NATURA. Próximo curso QUEDAMOS NA PRAZA, con financiación aprobada.
- Agrupación astronómica Io. Apoio e visitas á escola para orientar e coñecer o noso proxecto.
- Hábitat, centro mediambiental, asesoramento actividade A Romería dos Paxaros

- Museos Científicos da Coruña: invitación á inauguración e prendido de luces da árbore de Nadal do acuario, invitación á inauguración da sala Mini-Domus.
- Stop Accidentes, por organizar e colaborar ca actividade de seguridade vial, ANCAS.

Outras relacións de apoio:

Óptica Castro, colaboración ca proposta ECLIPSANDO

Asociación de comerciantes de Monte Alto- organización do Halloween polo barrio



Asociación veciñal Atochas Monte Alto- centro asociado.

Entidade socia de AMEI, ASOCIACIÓN MUNDIAL DE EDUCADORES INFANTILES.

Centro recomendado por esta entidade.



Valoración xeral da participación das familias:

Importante compromiso da directiva da anpa Titongo ca filosofía da escola, de feito foi un curso onde a anpa tivo iniciativas especiais na búsqueda de fondos e para a difusión do proxecto da escola.

Valoración dos equipamentos

Os equipamentos (aulas designadas) son limitados para noso proxecto e polas circunstancias tan especiais nas que levamos dous cursos.

Valoramos que a falta de luz natural, temperatura non equilibrada, humidade límite na aula 1-2 anos, a falta de ventilación, determinan tanto a comodidade dos nenos e nenas como do persoal.

As condicións de traballo, nun espazo limitado á intervención global do proxecto da escola, determinan o benestar físico-psicológico do persoal.

Aínda que se están a utilizar ventilador-deshumidificador-sillóns etc... a aula 2-3 non dispoñen de ventilación directa, o que motiva un ambiente moi incomodo de traballo e a falta de luz natural na aula motiva o continuo desprazamento do grupo a espazos alternativos da escola: aula de usos múltiples e espazos de patio cuberto e espazo verde.

Memoria educativa curso escolar 2025-2026

Actuación no espazo verde exterior para facelo máis atractivo e con maior posibilidade de xogos e gozo dos nenos e nenas.

Implicación no espazo exterior a través de intervencións.